

Recomendación dirixida á Mancomunidade de Concellos de Val Miñor debido ás queixas presentadas polos usuarios da piscina do Val Miñor

Expediente: Do T.11.Q/28204/17 ao
T.11Q/29017/17

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2018

Sr.presidente:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D... [REDACTED] referente as queixas presentadas por Don [REDACTED] e un numeroso grupo de usuarios da piscina do Val Miñor, xestionada pola empresa *Serviocio*.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que solicitan que se lles informe puntualmente das actuacións en relación á Comisión de Investigación aberta para fiscalizar e investigar a gestión levada a cabo pola empresa *Serviocio* na piscina de Mancomunidade de Val Miñor.

Ante iso requirimos en diversas ocasións informe a esa Mancomunidade, que xa nola remitiu. Coa información aportada se da resposta á información requirida polos usuarios da piscina indicándose que o tema foi tratado en diversas sesións da Xunta da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor, en concreto os días 22 de setembro de 2017, o 4 de outubro e o 31 de outubro de 2017. Que por dúas veces se lle requiriu á concesionaria da piscina documentación e informes. O informe do concello tamén incide en que a concesionaria sempre respondeu en prazo aos requirimentos realizados. A convocatoria das reunións correu a cargo do presidente da Mancomunidade. Igualmente infórmase de que tivo lugar unha nova licitación do servizo da piscina, que rematou o pasado 30 de abril de 2018 coa contratación da empresa. Como documentación anexa hai que destacar a información facilitada á Mancomunidade por *Serviocio* en relación á xestión realizada.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

Non consta que se lle informara ao grupo de usuarios e usuarias da piscina de todas estas circunstancias e de cómo se produciron.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece no artigo 21 a obriga de resolver mediante resolución expresa e notificada, en todos os procedementos calquera que fora a súa forma de iniciación.

Compre igualmente recordar que os principios de bo goberno do artigo 26 da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno recollen como un principio xeral o trato á cidadanía con esmerada corrección, e como principio de actuación o desempeño das súas funcións con transparencia. Como di o preámbulo da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno *“os mecanismos de transparencia e bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonios públicos”*. Esta declaración da exposición de motivos, está perfectamente plasmada no artigo 1 da dita lei que establece que o seu obxecto é *“regular a transparencia e a publicidade na actividade pública, entendendo esta como a desenvolvida cun financiamento público, así como o dereito da cidadanía a acceder á información pública”*. No caso que nos ocupa estamos ante unha solicitude na que o grupo de usuarios e usuarias da piscina entenden que existe unha comisión de investigación para o seguimento do contrato de servizos da piscina da mancomunidade e piden participar nela, e a Mancomunidade en ningún momento pónse en contacto con eles nin lles informa. O silencio administrativo negativo, é segundo a xurisprudencia unha mera ficción que non exime da obriga da administración de ditar resolución expresa, o feito de que ante a petición non se informe aos interesados nin tan sequera da recepción do documento, ou de se cumpre ou non os requisitos para a súa tramitación non cambia esta cuestión. É necesario por tanto, informar directamente aos interesados de todas as cuestións que lle foron requiridas por estes usuarios e usuarias, para que poidan valorar as actuacións administrativas en relación aos dous contratos asinados coa empresa que realiza o servizo de piscina na mancomunidade.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa mancomunidade a seguinte RECOMENDACIÓN:

Dar resposta ao solicitado polo grupo de usuarios e usuarias da piscina, eliminando os datos de carácter persoal do staff contratado pola empresa.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo